

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE XANEIRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de Xaneiro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de Decembro (Ordinaria).

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Mancomunidade do Ribeiro de data 27.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 30.12.05, polo que se comunica a próxima celebración en Expourense do Salón Galego de Gastronomía e Turismo 2006 (XANTAR), proxectando a Mancomunidade participar nel coa reserva dunha superficie de 30 m², na que se instalarán mostradores e estanterías onde poder divulgar os produtos, eventos e lugares máis salientables dos concellos da Mancomunidade, invitando ao Concello de Ribadavia a participar neste evento.”

“Escrito da Deputación Provincial de Ourense (Servizos Sociais), de data 28.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 30.12.05, polo que se comunica a existencia dunha solicitude de alta no servizo de Teleasistencia domiciliaria.”

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de data 22.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 28.12.05, polo que se comunica ao Concello que como titular da instalación denominada CT Franqueirán-Estación de Bombeo deberá presentar na delegación nun prazo máximo de 30 días o boletín de recoñecemento debidamente cumprimentado e adaptado aos requisitos sinalados no ANEXO da Orde da Consellería de Innovación, de Industria e Comercio do 28/10/02 para a súa recepción e rexistro. O citado boletín deberá acompañarse da xustificación acreditativa da liquidación da

taxa correspondente. Todo elo en cumprimento do RD 1955/2000, que desenvolve a Lei 54/1997, do sector eléctrico, no que se establece a obriga de revisar as instalacións eléctricas de alta tensión periodicamente, polo menos cada tres anos, podendo ser efectuadas por técnicos titulados, libremente designados polo titular da instalación ou por entidades colaboradoras do Ministerio de Industria e Enerxía debidamente autorizadas.”

“ Escrito do Xulgado de primeira instancia e instrución núm. 1 de Ribadavia de data 20.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 28.12.05, polo que se comunica o arquivo das dilixencias previas do procedemento abreviado 571/2005, sobre accidente de circulación co resultado de lesións condutor vehículos e danos en bens municipais, mediante auto de vinte de decembro de dous mil cinco, por non ser os feitos constitutivos de infracción criminal.”

“Escrito da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental), de data 20.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 27.12.05, polo que se comunica que a Consellería ten como obxectivo acometer no próximo ano a clausura e selado de todos os vertedoiros que aínda existen na Comunidade Autónoma coa vontade de culminar o programa de actuacións previstas en desenvolvemento do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galiza, polo que nos Concellos que posúan vertedoiros de residuos sólidos urbanos que non estean debidamente autorizados deberá procederse a súa clausura impedindo o seu emprego, podendo solicitar o financiamento dos custos á Consellería mediante a achega da documentación que se sinala.”

“Escrito da Deputación Provincial de Ourense (Vías e Obras-Servizo de Cooperación), de data 21.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 26.12.05, polo que se achega documentación que afecta ao municipio en relación co expediente que se tramita pola Deputación a solicitude da Federación Nacional de Asociacións e Municipios con Centrais Hidroeléctricas e Embalses. En dita documentación so se inclúen aquelas instalacións que, individualmente ou unidas a outras próximas, teñan máis de 10.000 KW de potencia ou máis de 10 Hm3 de capacidade de embalse, condicións estas para ser consideradas como BICES (bens inmoables de características especiais).”

3.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.-

Non houbo.-

4.- ASUNTOS VARIOS.-

AXUDAS LIBROS E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2005-2006.

Vistas as solicitudes obrantes no expediente e en base a documentación achegada polos interesados e o informe da asistente social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- **CONCEDER**, de acordo coas bases das axudas para LIBROS do curso 2005/2006 aprobadas na Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2005, as subvencións nas contías e as persoas que de seguido se relacionan:

<u>NOME DO CABEZA DE FAMILIA</u>	<u>D.N.I</u>	<u>NOME FILLO/A</u>	<u>CONTIA</u>
ALMUIÑA GARCIA, JOSE MANUEL	13131854-G	ALMUIÑA GONZALEZ, ALBA	30 €
ARMADA PEREZ, BENITO	34957942-N	ARMADA GONZALEZ, DAVID	30 €
ARMADA PEREZ, BENITO	34957942-N	ARMADA GONZALEZ ,ESTER	90 €
ARMADA PEREZ, BENITO	34957942-N	ARMADA GONZALEZ, PABLO	30 €
LORENZO RODRIGUEZ,JULIO	76706255-J	BOUZAS LORENZO, ADRIANA	30 €
LORENZO RODRIGUEZ,JULIO	76706255-J	BOUZAS LORENZO,JULIO	30 €
CADAYA CISNEROS, MELVA MARITZA	76726585-B	CADAYA CISNEROS, ANTIA	30 €
DONCEL RODRIGUEZ, ENRIQUE	34871276-X	DONCEL FERNANDEZ, NEREA	30 €
ENRIQUEZ ARIAS, MARCOS	44480950-P	ENRIQUEZ PEREZ, FABIAN	30 €
GREGORIO TROITÑO, OBDULIA	36117887-K	GONZALEZ GREGORIO, GRACIELA	30 €
RODRIGUEZ GOMEZ, MARIA AMELIA	76702402-R	MARTINEZ RODRIGUEZ, ALBA	90 €
FERNANDEZ FERNANDEZ, MARIA DOLORES	34627303-K	MIGUEZ FERNANDEZ,PAULO	30 €
LOPEZ GALEANO, VALERIA MARIA	44496586-G	NICORA LOPEZ, CAMILA VALERIA	30 €
VAZQUEZ DOMINGUEZ, JOSE	34447865-Y	NORES VAZQUEZ, IVAN	90 €
VAZQUEZ DOMINGUEZ, JOSE	34447865-Y	NORES VAZQUEZ, MELISA IRINA	90 €
VAZQUEZ GONZALEZ, INES	44498551-Z	ROADE VAZQUEZ, ERIKA	90 €
RODRIGUEZ PADRON, CAMILO	76706177-G	RODRIGUEZ ALEGRE, XACOBO	30 €
RODRIGUEZ VAZQUEZ, ANTONIO	34968576-C	RODRIGUEZ DOMINGUEZ ISRAEL	30 €
MEIRIÑO VELLO, MANUELA	34976784-V	RODRIGUEZ MEIRIÑO, ALEJANDRA	30 €
SOTO REY VICENTE, ANGEL	34962267-J	SOTO PARENTE, PABLO	30 €

Segundo.- **CONCEDER**, de acordo coas bases das axudas para MATERIAL ESCOLAR do curso 2005/2006 aprobadas na Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2005, as subvencións nas contías e as persoas que de seguido se relacionan para gastos de material escolar, posto que en relación ás axudas para libros existe o programa de gratuidade neses cursos (Orde do 15/09/2005 – DOGA nº181, 20 de setembro).

<u>NOME DO CABEZA DE FAMILIA</u>	<u>D.N.</u>	<u>NOME FILLO/A</u>	<u>CONTIA</u>
ALMUIÑA GARCIA, JOSE MANUEL	<u>I</u> 13131854-G	ALMUIÑA GONZALEZ, RAQUEL	30€
MARIA DE LA PURIFICACION DOMINGUEZ VELLO	34904825-W	BACA DOMINGUEZ, LUCAS	30€
GONZALEZ CUIÑAS, MANUEL	76701492-B	GONZALEZ PINO, LUCIA	30€
GONZALEZ CUIÑAS, MANUEL	76701492-B	GONZALEZ PINO, MANUEL	30€
MONTOYA MONTOYA MIGUEL, ANGEL	76718371-P	MONTOYA MARIN, NELSON	30€
RODRIGUEZ PADRON, CAMILO	76706177-G	RODRIGUEZ ALEGRE, LUA	30 €
SOTO REY, VICENTE ANGEL	34962267-J	SOTO PARENTE, AARON	30€

Terceiro.- **DENEGAR**, de acordo coas mesmas bases, as seguintes solicitudes e polos motivos que se sinalan:

- Por non cumprir o requisito de empadramento:

NOME DO CABEZA DE FAMILIA	D.N.I	NOME DA FILLA
PEREZ NOVAS, MARIA DOLORES	76901421-R	FERNANDEZ PEREZ, LUCIA

- Por non cumprir o baremo económico establecido na letra C das bases:

NOME DO CABEZA DE FAMILIA	D.N.I	NOME DA FILLA
CUÑAS RODRIGUEZ, ROBERTO	34945354-M	CUÑAS ARIAS, ROBERTO
LORENZO RODRIGUEZ, EMILIO	34938970-S	LORENZO BARREIRO, AARON
LORENZO RODRIGUEZ, EMILIO	34938970-S	LORENZO BARREIRO, DANIEL
MARTINEZ RODRIGUEZ, FRANCISCO	34922088-S	MARTINEZ RODRIGUEZ, CAROLINA
MARTINEZ CAÑIZO, CLAUDIO ANTONIO	44459249-L	MARTINEZ TRAVIESO, HUGO
MARTINEZ CAÑIZO, CLAUDIO ANTONIO	44459249-L	MARTINEZ TRAVIESO, THAIS
PADRON CUIÑAS, MANUEL	34962730-Q	PADRON RODRIGUEZ, MIGUEL
PEREZ ALBOR, ANTERO	34938446-C	PEREZ RODRIGUEZ, LAURA
RODRIGUEZ YAÑEZ, JULIO	34935302-G	RODRIGUEZ CASTRO, ROCIO
RODRIGUEZ YAÑEZ, JULIO	34935302.-G	RODRIGUEZ CASTRO, RUBEN
RODRIGUEZ FERNANDEZ, OSCAR	44465989-C	RODRIGUEZ LORENZO, ANAIS

- Por non estar incluídos nos niveis de estudos que sinalan as bases:

<u>NOME DO CABEZA DE FAMILIA</u>	<u>D.N.</u>	<u>NOME FILLO/A</u>	<u>CURSO</u>
	I		
GARCIA FERNADEZ, MANUEL RUBEN	34592614-Q	GARCIA SAURA, AURORA	2º BACHARELATO
MARTINEZ RODRIGUEZ, ETELVINO	76708983-G	MARTINEZ FREIJIDO, MARIA GORETTI	1º BACHARELATO

Cuarto.- **NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados co réxime de recursos que proceda.

5.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

